



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Rectificación das bases de estabilización 2021

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o mércores 23 de agosto de 2023, acordou a resolución cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente:

PRIMEIRO.-Subsanar o defecto das bases de estabilización de emprego temporal de músicos con retroacción do expediente de estabilización para as bases de estabilización emprego temporal de músicos por concurso aprobadas en decreto de data 15/2/2023 publicadas no BOP de 22/2/2023 para que nas especialidades a estabilizar por concurso de méritos se contemplen as que seguen , eliminando guitarra e frauta travesera ,subsanando o defecto de anulabilidade e convalidando a aprobación de bases de estabilización de emprego temporal de músicos depurando as especialidades que quedarían como seguen:

Percusión

Piano

Tuba/trombón

Saxofón

Contrabaixo e violonchelo

Trompa/trompeta

Violín

SEGUNDO.- Publicar en substitución das bases de estabilización de músicos aprobadas en decreto 84 e publicadas en BOP nº 36 de 22/2/2023, as bases convalidadas con subsanación de vicios (que constan nos considerandos dentro da proposta de rectificación) no BOP aos efectos oportunos e para continuación do procedemento de estabilización de emprego temporal manter tal e como foron publicadas no Bop nº 36 de 22/2/2023 o resto de bases aprobadas en decreto nº 84 continuando coa tramitación do procedemento para estabilización de emprego temporal .

ANEXO:

BASES POLAS QUE SE REXERÁ O CONCURSO (PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO) PARA A PROVISIÓN DE SETE PRAZAS DE PROFESORES DE CONSERVATORIO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE ARZÚA

En execución do procedemento de consolidación de emprego enmarcado dentro da oferta de emprego público do Concello de Arzúa para o ano 2021, aprobada mediante decreto da Alcaldía de data 23 de decembro de 2021 (BOP no 248 de 30/12/2021) apróbanse estas bases para a cobertura de sete prazas de PROFESOR DE CONSERVATORIO como persoal laboral fixo do Concello de Arzúa.

Primeira.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a cobertura de sete prazas de PROFESOR DE CONSERVATORIO como persoal laboral fixo do Concello de Arzúa (Grupo I) , incluída na Oferta de Emprego Público 2021, do Concello de Arzúa .

Retribucións:

As previstas no orzamento do Concello e relación de postos de traballo.

Xornada de traballo: a tempo parcial

Segunda.-Funcións a desempeñar.

Según a RPT do Concello:

Docencia da materia asignada

Atención tanto personal como telefónica os usuários, pais e nais dos alumnos

Control do material

Calquera outra relacionada co posto que lie encomendé o seu superior xerárquico

As características do posto de traballo segundo o disposto na Relación de Postos de Traballo son as seguintes:

Código: 7012.

Denominación do posto: PROFESOR CONSERVATORIO

Servizo: CULTURA

Área.:CULTURA E DEPORTES

Unidade: CONSERVATORIO

Convócanse probas selectivas para cubrir sete postos segundo as especialidades que a seguir se indican:

- .-1 profesor/a de percusión
- .-1 profesor/a de piano
- .- 1 profesor/a de tuba/trombón
- .- 1 profesor/a de saxofón
- .- 1 profesor/a de contrabaixo e violonchelo
- .- 1 profesor/a de trompa trompeta
- .- 1 profesor/a de violín / viola

Terceira.-Sistema selectivo.

O sistema selectivo deste proceso de consolidación de emprego é o de concurso previsto na disposicións adicionais sexta e octava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público,

Cuarta.-Normativa reguladora do proceso selectivo.

O proceso selectivo regúlase por estas bases e serán de aplicación as seguintes normas: – Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), como norma básica de procedemento administrativo.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), as súas normas básicas sobre funcionamento de órganos colexiados.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto 895/1991, de 07 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa aplicable.
- Convenio colectivo de traballo do persoal laboral do Concello de Arzua Codigo n.o 15100382012014 (Boletín Oficial de A Coruña núm. 228 de 27/11/2014)

Quinta.-Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitidos no proceso de selección os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- d) Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, dalgún dos seguintes títulos (no caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación):
- Título de profesor superior ou título de profesor do Plan 66 que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música.
 - Título superior de música regulado pola Ley Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación General del Sistema Educativo.
 - Título superior de música regulado pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. No caso de que estes títulos se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real Decreto 285/2004, do 20 de febreiro (BOE do 4 de marzo), ou o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE, do Consello das Comunidades Europeas, do 21 de decembro de 1988.
- e) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- f) Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido posteriormente.

Todos os requisitos enumerados deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo.

Sexta. Publicidade.

A convocatoria e as presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Coruña e no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello e o anuncio das mesmas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

Sétima.-Prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial do Estado (BOE).

Oitava. Presentación de instancias e documentación.

8.1. As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Arzúa seguindo o modelo que figura como Anexo I ás presentes bases, indicando a especialidade a que se opte, e incluírá unha manifestación de que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

8.2. Xunto coa instancia solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. pasaporte ou documento equivalente válido en dereito.
- Titulación esixida na convocatoria, ou ben, certificación de pagamento dos dereitos de expedición do título correspondente, na que quede acreditado que se superaron os estudos conducentes para a súa expedición (no caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase posuír o documento que acredite fidedignamente súa homologación ou equivalencia expedida por organismo competente)
 - Acreditación do coñecemento da lingua galega (celga 4 ou equivalente); en caso contrario a persoa aspirante terá que realizar a proba de coñecemento do idioma galego
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.

A documentación que acompañe á solicitude deberá presentarse en orixinal ou copia compulsada.

As persoas con discapacidade deberán facela constar na correspondente instancia, sinalando se precisan adaptación das probas.

8.3. En previsión do establecido no artigo 16.4, na disposición transitoria cuarta e na disposición final sétima da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as instancias solicitando

participar no proceso dirixiranse ao alcalde do Concello de Arzúa e presentaranse, debidamente cubertas, nalgunha das seguintes formas:

- a) Na Oficina de Rexistro do Concello de Arzúa, situado no número 2 da rúa Santiago, 15810, Arzúa (A Coruña).
- b) Nas oficinas de correos, na forma que se establece regulamentariamente.
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro. d) A través da sede electrónica do Concello de Arzúa.

8.4. No caso de achegar a documentación indicada a través das formas previstas na base 8.3, apartados a), b) e c), só se admitirá a mesma en formato orixinal, copia compulsada, copia compulsada dixitalmente ou copia auténtica ou documento asinado dixitalmente que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

As solicitudes que se presenten a través das oficinas de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

8.5. No caso de achegar dita documentación a través da forma prevista na base 8.3., apartado d), admitirase a documentación sempre que a instancia (Anexo I) e declaracións responsables veñan debidamente asinadas polo aspirante mediante sinatura electrónica e o resto da documentación se acredite mediante a achega de copia auténtica, documento electrónico orixinal ou que conteñan un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a

autenticidade da copia mediante o acceso ós arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

As/os aspirantes que presenten copias auténticas deberán facelo cos requisitos e conforme á regulación establecida no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Novena. Admisión de aspirantes.

9.1. Expirado o prazo dos vinte (20) días naturais para a presentación de instancias, e despois de comprobadas, o órgano competente ditará resolución no prazo de tres días hábiles, declarando aprobada a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os con especificación, se é o caso, das causas que motivaron a exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Arzúa (<http://sede.concello-dearzua.com>).

9.2. As/os aspirantes omitidas/os ou excluídas/os disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución para emendar os erros ou os defectos que motivaron a súa exclusión e presentar nova documentación.

9.3. De non existir aspirantes excluídas/os, poderá elevarse a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

9.4. Se houber aspirantes omitidas/os ou excluídas/os, ou no suposto de producirse reclamacións/recursos contra as listas, ou similares, deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa, publicando a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do concello de Arzúa.

9.5. Na publicación da lista definitiva de aspirantes admitidas/os e, de selo caso, excluídas/os, incluírase a composición do Tribunal de selección (titulares e suplentes) ós efectos das posibles recusacións e determinarase o lugar, data e hora en que terá lugar a valoración dos méritos das persoas aspirantes.

9.6. A publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das restantes probas que comprenden este proceso selectivo, así como a lista de aprobados en cada exercicio, efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de de Arzúa.

Décima. Tribunal de selección.

O tribunal de selección estará composto por presidencia, secretaría e catro vogais, con igual número de suplentes, designados pola Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia. O Tribunal contará cun secretario/a, que será funcionario/a de carreira. Poderá ser designado secretario/a un membro do Tribunal. En caso contrario, o secretario/a non terá voto.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime

xurídico do sector público. As persoas aspirantes poderán recusar ós integrantes do tribunal cando concorra neles algunha desas circunstancias.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ó disposto nestas bases, na Lei Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas., Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e no resto do ordenamento xurídico.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do proceso naqueles aspectos previstos ou non nestas bases.

Undécima. Contido do proceso selectivo.

O proceso selectivo constará das seguintes fases:

11.1. Concurso: acadará ata o 100 % da puntuación total do procedemento de selección.

11.2. Proba de coñecemento do idioma galego, no caso de ser necesaria.

11.1. Fase de concurso:

A solicitude irá acompañada do/s certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas pelas administracións públicas.

A valoración dos méritos axustarase aos seguintes criterios:

Méritos profesionais: 90 puntos

- Servizos prestados como profesor de conservatorio na especialidade á que opta o aspirante en conservatorios profesionais públicos da entidade local convocante: 0,45 puntos por quincena completa.
- Servizos prestados como profesor de conservatorio na especialidade á que opta o aspirante en conservatorios profesionais públicos doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante): 0,15 puntos por quincena completa.
- Servizos prestados como profesor de conservatorio na especialidade á que opta o aspirante no resto do sector público: 0,03 puntos por quincena completa.

A acreditación dos servizos prestados deberá efectuarse mediante a presentación dos correspondentes contratos de traballo xunto co informe de vida laboral; ou mediante a certificación expedida pola entidade na que se prestaron os servizos indicando a duración total (ou os períodos de duración) dos servizos prestados.

No caso de conservatorios profesionais de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.1. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos

Outros méritos: 10 puntos.

a) Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Se valorarán estes méritos a razón de 0,10 puntos por hora de duración del curso. b) Titulación Superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos

A listaxe provisional coa baremación de méritos publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa. Contra o resultado de dita baremación poderán os aspirantes presentar reclamacións nun prazo de tres días hábiles. Ditas reclamacións serán resoltas polo Tribunal na listaxe definitiva que se publicará igualmente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello. A listaxe provisional quedará convertida en listaxe definitiva no caso de non haber reclamacións.

11.2.- Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do título CELGA 4 ou equivalente, deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de apto ou non apto.

Consistirá nunha proba de carácter oral que acredite a capacidade de comunicación en galego coa cidadanía.

Décimo segunda. Cualificación final.

A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

A cualificación final dos aspirantes será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, e incluíra a proposta de nomeamento do aspirante que obteña a maior puntuación final.

Os aspirantes que queden sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda.

Décimo tercera .Criterios de desempate

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- 1o. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- 2o. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.
- 3o. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.
- 4o. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.
- 5o. A de maior idade.

Décimo carta .- Formalización do contrato.

Previamente á sinatura do correspondente contrato, os/as candidatos/as seleccionados/as deberán achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 10 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios, a seguinte documentación:

1.-Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.
2.-Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3.-Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

Décimo quinta. Recursos.

Contra as presentes bases poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, perante o

órgano que as ditou; ou ben, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo, no prazo de dous meses; sen prexuízo dos demais recursos que se consideren procedentes.

Décimo sexta .-Datos de carácter persoal.

1. A participación no proceso selectivo implica o consentimento para que os datos persoais achegados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da provincia, DOG E BOE e no taboleiro de anuncios da Casa do concello e na web municipal cando así o requira a tramitación do procedemento.

2. Por aplicación do principio de especialidade, os datos persoais que poderán ser obxecto de publicación son o nome, apelidos e o número de DNI ou documento equivalente.

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE**

Don/dona _____, con DNI n.º _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____, con n.º de teléfono _____/_____ e correo electrónico _____, declaro coñecer e aceptar as bases publicadas no BOP da Coruña n.o, de data/...../....., para participar no proceso de selección para a contratación laboral, mediante o sistema de concurso, de sete profesores de conservatorio.

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resultado/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección na especialidade instrumental de acompañando á presente solicitude orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.
- b) Título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.
- c) Xustificantes dos méritos alegados.
- d) Certificado CELGA 4, no seu caso.

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____ Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

En Arzúa, 4 de setembro de 2023

O Alcalde accidental

José Luis Garcia López

2023/7098